

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 19 de xullo de dous mil vinte catro.

Na sala de reunións da Casa Consistorial de Mos, ás 12:00 horas, a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de miniescavadora para o departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e Dna. M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, Interventora, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

**PRIMEIRO.-** A Mesa de contratación en sesión celebrada o 16 de xullo de 2024 procedeu á apertura das ofertas económicas presentadas polos licitadores concorrentes e admitidos a licitación, remitíndose as mesmas a valoración dos Servizos Técnicos.

En data 19 de xullo de 2024, os Servizos técnicos emiten informe de valoración:

### "INFORME

**ASUNTO.- OFERTAS SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS.**

**EXPEDIENTE XESTIONA.- 81/2024.**

*Examinado o expediente de referencia e con base ao PREGO de PRESCRIPCIONS TECNICAS para o SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS do Concello de Mos, infórmase o seguinte:*

**1.- CRITERIOS de VALORACIÓN.**

**A. PREZO (ata 30 puntos)**

*Virá determinada polo prezo do subministro (excluído o IVE). Atribuirase a maior puntuación ao licitador cuxa oferta supoña a maior diminución sobre o orzamento de licitación, asignándose ás restantes a puntuación que proceda en aplicación da seguinte fórmula:*

$$P=30*X/Y$$

*P: puntuación da oferta a considerar.*

*X: a mellor oferta de todas as presentadas.*

*Y: oferta correspondente a cada licitador.*

**B. SERVIZO TECNICO POSVENTA-Distancia (en liña recta) ata á nave Concello (ata 30 puntos).**

*Distancia menor de 40 km: 30 puntos*

*Distancia entre 40 km e 80 km: 20 puntos*

*Distancia menor de 80 km e 120 km: 10 puntos*

*Distancia entre 120 km e 160 km: 0 puntos*

**C. MELLORAS NO SERVIZO DE ASISTENCIA: (Ata 20 puntos).**

*Compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24 horas, en días laborables. Valorarase con 20 puntos.*

**D. PRAZO DE ENTREGA (hasta 20 puntos)**



Prazo máximo: 41 días (0 puntos)

Prazo mínimo: 1 día (entrega inmediata) (20 puntos)

Puntuárase proporcionalmente (0,5 puntos por cada día de redución de prazo)

As ofertas presentadas son das seguintes empresas:

- HUNE RENTAL SLU
- IBERGRUAS SA
- TALLERES TURQUINO SL

EMPRESA	CRITERIO	VALORACION	TOTAL
<b>1.- HUNE RENTAL SLU</b>	<b>TAKEUCHI TB225.....49.693,60 €</b>	30,00	<b>100,00</b>
	Distancia..... 10 km.	30,00	
	Atención < 24,00 horas	20,00	
	Prazo de entrega..... 0 días	20,00	
<b>2.-IBERGRUAS SA</b>	<b>JCB35Z1PRO.....49.900,00 €</b>	29,87	
	Distancia 5,9 km.	30,00	
	Atención < 24,00 horas	20,00	
	Prazo de entrega..... 30 días	5,50	
			<b>85,37</b>
<b>3.-TALLERES TURQUINO SL</b>	<b>BOBCAT E34.....49.800 €</b>	29,93	
	Distancia 14,10 km	30,00	
	Atención < 24 horas	20,00	
	Prazo de entrega.....1 día	20,00	
			<b>99,93</b>

Con base ao exposto, a máxima puntuación segundo o prego de prescricións técnicas é a da empresa **HUNE RENTAL SLU**.

A máquina a subministrar será a KOMATSUPC26MR-5 por un importe de 49.693,60 € e será por conta da empresa adjudicataria:

- desprazamento do equipo obxecto do contrato ate as instalacións municipais.
- A matriculación da máquina así como cantos gastos orixine.
- Xustificar o marcado CE da mini escavadora.
- Prazo de garantía de 2 anos da miniescavadora e dos seus compoñentes.
- prazo de entrega será de 0 días.”



**SEGUNDO.-** A Mesa procede á valoración dos criterios obxectivos segundo o citado informe e conforme aos criterios previstos nestes pregos, comprobado que as ofertas non están incluídas en baixa temeraria:

- HUNE RENTAL SLU: 100,00 puntos.
- IBERGRUAS, S.A.: 85,37 puntos.
- TALLERES TURQUINO, S.L.: 99,93 puntos.

**TERCEIRO.-** Seguidamente a Mesa clasifica as ofertas presentadas:

- 1) **HUNE RENTAL SLU: 100,00 puntos.**
- 2) TALLERES TURQUINO, S.L.: 99,93 puntos.
- 5) IBERGRUAS, S.A.: 85,37 puntos.

**CUARTO.-** Conforme coa cláusula 17.3.2 dos PCAP A Mesa procede a abrir o arquivo II “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” do candidato que obtivo mellor puntuación, HUNE RENTAL SLU, e o remite a comprobación dos Servizos Técnicos para comprobar, á vista da ficha técnicas da máquina, se esta reúne as características mínimas esixidas segundo o PPT.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 12,25 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

